



DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO MATRICULADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade ven de publicar a Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería, así como en centros privados concertados no curso 2021/22.

Segundo dita orde, non terá que presentar a solicitude o alumnado que foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022, é dicir, o alumnado beneficiario do cheque de 50€, xa que este alumnado é beneficiario directo.

Terá que presentar a solicitude o alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no centro, utilizando o formulario normalizado (anexo I). Ademais as persoas interesadas deberán achegar xunto co anexo I, a seguinte documentación:

- Anexo II
- Copia do libro de familia onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

O prazo para presentar as solicitudes será do **15 ao 26 de novembro de 2021**.

Coristanco, 15 de novembro de 2021

O director

Asdo. Carlos Fernández

